

ACTA DA QUINTA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES:

POLA XUNTA DE GALICIA:

D. Tomás Fernández-Couto Juanas
Director Xeral de Defensa do Monte
D. Miguel Ángel Cela González
Subdirector Xeral de Prevención
Don Alberte Piñeiro Tubío
Xefe do Servizo de actuacións preventivas

POLA FEGAMP:

D. Alfonso Villares Bermúdez
Vicepresidente primeiro da Fegamp
Doña Lucía González Louro
Técnico da Fegamp

POR SEAGA:

D. Pablo Arbones Maciñeira
Director Xerente de Seaga
D. Antonio Barral Álvarez
Licenciado en Dereito de Seaga

En Santiago de Compostela, as 10:30 horas, do día 8 de abril de 2019, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, reúnense os citados anteriormente co fin de celebrar a reunión da Comisión de Seguimento do Convenio baixo a seguinte

ORDE DO DÍA

I.- Revisión das actas anteriores da Comisión

II.- Revisión da adenda ao Convenio

III.- Definición das próximas actuacións

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

I.- REVISIÓN DAS ACTAS ANTERIORES DA COMISIÓN

Preséntanse as actas das anteriores reuniónes da Comisión de Seguimento. Procédese a dar conformidade ao contido das mesmas e firmar por triplicado cada unha das actas correspondendo un exemplar para cada unha das partes asinantes do Convenio (Xunta, Fegamp e Seaga)

Infórmase aos presentes que vanse notificar aos Concellos que solicitaron a súa adhesión as resolucións individuais informando da admisión e o contido da mesma segundo os modelos aprobados na anterior reunión da Comisión e revisados polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase cos Concellos adheridos para ir avanzando na elaboración da planificación.

II.- REVISIÓN DA ADENDA AO CONVENIO

Coméntase o contido actual da adenda despóis da última revisión por parte da Secretaría Xeral Técnica, e que se resume a continuación:

- a) Resáltase a importancia da planificación contida na adenda.

- b) Engádense os proxectos pilotos e coméntase que estes proxectos centraránse nos Concellos que non teñan parroquias priorizadas.
- c) Permítese a adhesión en calquera momento por parte dos Concellos. No tocante á planificación será efectiva na anualidade na que se solicite a adhesión. En canto á actuación no territorio terá que esperar a seguinte priorización que estableza a Comisión na anualidade correspondente.
- d) Establécese unha obriga adicional para os Concellos, que terán a obriga de comunicar a aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PMPDIF).
- e) Amplíase o Convenio ata decembro de 2022 incrementando as aportacións tanto da Consellería como da Fegamp.
- f) Establécese unha cláusula para formalizar a creación da aplicación informática e do visor de faixas.

A FEGAMP comunica que trasladará canto antes a súa executiva a adenda para trasladar posteriormente á Comisión a súa posición con relación a mesma.

III.- DEFINICIÓN DAS PRÓXIMAS ACTUACIÓNS

A continuación establécese o plan das vindeiras actuacións:

- Confírmase as reunións cos alcaldes das parroquias priorizadas que terán lugar nas seguintes datas:

Mércores 10 de abril de 2019 ás 9:30 na Delegación de Ourense.

Xoves 11 de abril ás 10:00 na Consellería de Medio Rural en Santiago.

Venres 12 de abril ás 12:30 na Delegación de Pontevedra.

- O obxectivo é rematar en abril de 2019 a elaboración dos Plans dos 70 Concellos adheridos con PXOM adaptado e dos 20 Concellos adheridos que carecen de PXOM segundo os criterios aprobados pola Comisión.

- Os plans dos Concellos que están nunha situación intermedia deberían rematarse dentro da actual anualidade.

- Os plans dos Concellos que soliciten a adhesión despois da publicación da adenda irán tramitándose unha vez rematados os correspondentes as 177 adhesións admitidas actualmente, comenzando polos que teñen PXOM adaptado a LOUG e os que non teñen PXOM.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión da Comisión, sendo as 13.00 horas da data sinalada no encabezamento.


Santiago, 8 de abril de 2019

A secretaria



Lucía González Louro

O presidente



Tomás Fernández-Couto Juanas